



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Cultura

Rectificación de erros materiais das Bases primeira e sétima do XXXII Concurso Internacional de Piano Cidade de Ferrol ano 2021

RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DAS BASES PRIMEIRA E SÉTIMA DO XXXII CONCURSO INTERNACIONAL DE PIANO CIDADE DE FERROL ANO 2021.

No BOP da Coruña nº 29 do 12.02.2021 publicáronse as bases que rexerán o XXXII Concurso Internacional de Piano Cidade de Ferrol ano 2021.

Detectados erros materiais nas mesmas, por acordo plenario de data 25.02.2021 modificáronse as bases primeira e sétima do Concurso Internacional de Piano aprobadas no Pleno nas datas 10.02.2021 e 28.01.2021, quedando redactadas do seguinte xeito:

“Primeira.-Obxecto e contido

A concellería de Cultura do Concello de Ferrol organiza o XXXII Concurso Internacional de Piano, do 30 de abril ao 8 de maio del 2021.

O premio desenvolverase nas súas fases preliminares no Teatro Jofre. A final terá lugar no Auditorio de Ferrol, atendendo ao seguinte calendario:

- Dende a data de publicación da convocatoria ata o 01 de abril de 2021: período de inscrición.
- Primeiros días trala finalización do prazo de inscrición: deliberación do xurado de preselección e comunicación aos participantes.
- Venres 30 de abril do 2021 ás 20.30h: cerimonia de inauguración e concerto de apertura do concurso.
- Sábado 1 de maio do 2021 ás 9.00h :recepción dos participantes e sorteo.
- 1,2 e 3 de maio: primeira ronda.
- 4,5 de maio: segunda ronda.
- 6 de maio: semifinal.
- 7 de maio: ensaio dos finalistas coa orquestra/día de descanso.
- 8 de maio ás 20.00h : final, deliberación do xurado e entrega de premios.

O concurso constará de 5 diferentes rondas: fase de preselección (enlace de vídeo), primeira ronda, segunda ronda, semifinal e final con orquestra. Gravarase e retransmitirase en streaming tódalas probas do Concurso, correspondendo a este Concello os dereitos de gravación, difusión ou emisión das mesmas, tanto en formato de audio como de vídeo.

O piano oficial do concurso será un piano de gran calidade.

Sétima.- Preselección

Entre os participantes inscritos haberá unha preselección. O xurado das probas de preselección estará formado por un máximo de 7 profesionais de recoñecido prestixio dándose a coñecer os seus nomes na web do concurso. No caso de que algún deles non puidera exercer finalmente as súas funcións, a organización poderá substituílo por outro membro de recoñecido prestixio.

Trala preselección, informarase aos participantes seleccionados a través do correo electrónico. No caso de que algún dos seleccionados non participe finalmente, pasarase ao seguinte na lista de reservas.”

Ferrol, 02 de marzo de 2021

O concelleiro delegado de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas,

Antonio Golpe Díaz